

# AS FERRAMENTAS *idea*



Proceso de participación pública do PXOM  
**das Pontes de García Rodríguez**



# Actas Obradoiros

**Área de influencia: Avenida de Castela; Avenida da Habana; Avenida de Vilalba; Rúas Cabanas e Pontedeume.**

## > Técnicos ideaAspontes

- María Ríos
- Ismael Blanco
- Martín Rodríguez

## > 11 participantes: (4 mulleres, 7 homes)

Mesa: Zona Leste

- 4 mulleres de 62, 64, 66 e 70 anos
- 7 homes de 39, 42, 60, 69, 70, 72 e 82 anos

## > PRESENTACIÓN E PREMISAS

O equipo técnico da a benvinda e fai unha breve explicación do funcionamento das sesións.

Descrición das sesións recalcando que se está nunha mesa de traballo e poñendo en valor o tempo da súa participación e colaboración.

Faise fincapé na importancia de crear un bo ambiente de traballo, de xeito que todo o mundo poderá expresarse libremente.

Déixanse claras as mecánicas de participación.

## > INTRODUCCIÓN

[en plenario]

- Definición do PXOM
- Sinálase a FASE ACTUAL DE REDACCIÓN. Se ten realizado unha diagnose, para ser posteriormente revisada na Concellería de Medio Ambiente, e por último emitir informe, que poderíamos chamar folla de ruta. Neste momento estamos no proceso de redacción do DOCUMENTO NORMATIVO, que estuda polo miúdo cada barrio, cada sistema, etc.
- Revisar rapidamente os primeiros pasos ó realizar a diagnose.
  - Poboación en relación coa comarca.
  - Poboación en relación ás cabeceiras comarcais.
  - Vivendas cada 1000 habitantes.
  - Revisión do planeamento do ano 1985, analizando o crecemento dende entón.
  - Transcrición do planeamento.

## > DEBATE EN GRUPOS

A persoas participantes agrúpanse nunha mesa de traballo debido o escaso número de asistentes desta área. Por este mesmo motivo, e o dinamismo có que se desenvolveu o obradoiro, nesta ocasión concentramos nunha soa sesión a totalidade dos contidos, previstos inicialmente para realizar en dúas sesións de traballo.

O traballo en grupo divídese en tres partes: nunha primeira, os participantes traballan sobre unha cartografía na que se amosa o estado actual do barrio, destacando as alturas edificatorias, zonas verdes e equipamentos actuais. Unha vez feitas as reflexións sobre esa base, preséntase un plano do mesmo ámbito no que se debuxa unha interpretación das NNSS vixentes resaltando as potenciais alturas edificatorias e o viario proxectado que nunca se chegou a desenvolver. Por último trabállase con fotografías e debuxos que amosan diferentes tipos de rúas e unha variedade de posibilidades de deseño dos espazos de interior dos quinteiros.



### 1. Reflexións sobre a base cartográfica:

#### Ábrese o debate:

Explícase o concepto de equipamentos e dotacións, zonas verdes e espazos de lecer.

Os participantes da mesa escriben e marcan as súas percepcións en canto as súas necesidades de novos equipamentos e zonas verdes, exceso dos mesmos, lugar da súa potencial situación, etc.

O debate céntrase na necesidade de novas conexións entre rúas e as calidades que deberían ter as zonas verdes.

#### As valoracións en canto a calidade de zonas verdes:

Entre os espazos libres de proximidade no barrio atópanse a praza de América, a praza do Hospital e a praza do Coireiro, que a veciñanza valora como insuficientemente aproveitadas por diferentes motivos:

- Falta de sombra ou mala colocación das mesmas.
- Falta de máis zonas axardinadas.
- Escaso mobiliario urbano ou mal organizado.
- No caso concreto da praza do Coireiro, a propia configuración do espazo urbano non é axeitada para un área de lecer.

Valórase positivamente a posibilidade de creación de novas prazas ou xardíns de proximidade, pero atendendo ás características de funcionalidade e calidade que se comentaron anteriormente.

#### Necesidades de novas conexións peonís ou rodadas :

- Na zona da ribeira, a creación dunha senda á beira do río Eume.
- Unha rúa que una a ponte "dos Cornos" coa Avenida da Habana.
- A continuidade da rúa da Cruz das Airas.
- Dúas rúas que conecten a Avenida de Vilalba coa Avenida da Habana, e esta coa Avenida de Galicia, no tramo entre a Avenida de Castelao e a rúa Pontedeume.
- Outra segunda conexión entre a rúa Capela e a Avenida da Habana.

Debátese sobre a necesidade de que Avenida da Habana dispoña dun espazo máis amplo para o peón e de maior calidade ambiental, posto que é considerada unha das arterias peonís da vila.

**Necesidade de aparcadoiros públicos:**

Debido a que moitos edificios non contan con aparcamento e ao excesivo uso do vehículo privado na vila das Pontes, existe unha elevada demanda de bolsas de aparcadoiros públicos na zona central da Vila.

No ámbito de traballo, as persoas participantes propuxeron a posibilidade de creación de prazas cubertas ao lado da biblioteca municipal.

**2. Comparativa do estado actual do barrio coas NNSS vixentes.**

Preséntase na mesa o plano que contén a interpretación das NNSS e compárase có do estado actual iniciándose unha reflexión sobre o non desenvolvemento da potencialidade residencial.

Ó parecer das e dos asistentes a causa desde non desenvolvemento é que non hai moita demanda residencial debido ao descenso poboacional, e a que o planeamento foi realizado xusto no momento de máximo crecemento poboacional da vila.

**Tecido residencial**

- A demanda principal é de edificacións unifamiliares aliñadas á rúa ou pequenas edificacións plurifamiliares.
- Preferencia de xardín ou horta traseira.
- Tanto o potencial desenvolvemento actual así como a tipoloxía establecida nas NNSS parécen excesiva e sobredimensionada.

**Parques, xardíns e conexións viarias:**

- Preferencia por conexións regulares e necesarias; propóñense tramos de uso exclusivo para o peón.
- Valoran negativamente o feito de que non se teñan desenvolvido algunhas rúas sinaladas nas NNSS, e en xeral responsabilízanse da situación debido a falta de acordo entre as persoas propietarias dos terreos.

**3. Traballo sobre imaxes**

Co gallo de traballar as diferentes solucións formais posibles no interior dos quinteiro, amósanse imaxes explicativas con diferentes posibilidades de:

- Aparcadoiros
- Equipamentos públicos
- Prazas privadas
- Prazas públicas
- Hortas comunitarias
- Outras vivendas unifamiliares
- O propio quinteiro formado por vivendas unifamiliares, con xardín traseiro.

As opcións mellor valoradas entre as persoas participantes foron as de deseñar prazas públicas ou privadas, e as hortas, recalando a pouca necesidade de edificar novas vivendas nin de acadar as alturas máximas normativas.